

GALIZA

A NOSA FOULA

Galiza, a nosa foula

Foula e ronsel son as pegadas que deixan os barcos ao navegaren.


A foula, por diante; o ronsel, por atrás.

Avanza o barco, bate e bate abrindo o mar e xerando um po de auga con infinitas pingas.

Esas pinguiñas simbolizan nesta exposición a nosa cultura, que fai avanzar Galiza.

Deste xeito, peneiramos 51 nomes senlleiros da nosa cultura que teiman en defender a nosa lingua desde diferentes eidos: cine, teatro, televisión, música, deporte, poesía performativa, espectáculo multidisciplinar.

Na Galiza, bate forte a cultura.



Susana Seivane Hoyo

(Barcelona, 25 de agosto de 1976)

Gaiteira

Discografía:

-*Susana Seivane* 1999


-*Alma de Buxo* 2002

-*Fa* 2018

Pertence a unha familia recoñecida dentro do mundo dos gaiteiros e artesáns de Galiza, propietaria do Obradoiro de Gaitas Seivane.

Se quixeres saber máis:

<http://www.susanaseivane.net/ca/web/portada.php>



GALIZA

A NOSA FOULA

Vero Boquete

Santiago de Compostela 9 de abril de 1987.

Futbolista que xoga como centrocampista na *Associazione Calcio Milan* da Serie A de Italia.

Internacional coa selección española, da cal chegou a ser capitá.

Desde febreiro de 2015 é embaixadora da UEFA para o desenvolvemento do fútbol feminino, e desde 2017 forma parte da comunidade de futbolistas *CommonGoal*, iniciativa liderada que loita a favor da reintegración social da infancia a través os fondos recadados co 1% do salario dos e das futbolistas da comunidade.



GALIZA

A NOSA FOULA

Ses

12 de novembro de 1983, A Coruña

Cantautora

Discografía

- *Admirando a condición* (2011)
- *Co xenio destrozado* (2013)
- *Tronzar os valos* (2015)
- *Opoñerse á extinción* (2016)
- *Readmirando a condición* (2017)
- *Rabia ao silencio* (2019)

É unha cantautora galega moi coñecida.

- O seu nome real é María Xosé Silvar e leva activa no mundo da música desde o 2011.



GALIZA

A NOSA FOULA

Mercedes Peón

Mercedes Peón Mosteiro naceu en Oza dos Ríos no ano 1967 e actualmente é unha das voces máis recoñecidas en toda Galiza.

Dende os dezasete anos percorría os lugares de Galiza para recoller as cantigas e cancións que escoitaba aos avós e transmitirllas á xuventude.

As súas primeiras obras contaron coa participación doutros artistas como Xosé Manuel Budiño ou Mano Negra. Ao longo dos anos foi facendo álbums, entre os que destacan *Isué* (2000), *Ajrú* (2003), *Sihá* (2007) e *Déixaas* (2018).

Todo o seu traballo levouna a conseguir diferentes premios, como, por exemplo, o Premio Nacional de Música en 2008 ou o Premio da Crítica de Galiza, sección música, en 2018.

Para saberes máis, consulta

<https://www.mercedespeon.gal>



GALIZA

A NOSA FOULA

Guadi Galego

Gaudi Galego é una cantante galega nada en 1974, en Cedeira.

Esta cantante galega iniciou a súa carreira moi nova. Xa dende o ano 1997 foi gaiteira, pianista e vocalista no grupo Berrogüetto para despois pasar a ser vocalista nos grupos Espido e Nordestin@s.

Esta cantante está galardoada con distintos premios como “La Opinión”, que gañou durante bastantes anos cos distintos grupos nos que traballou.

Acadou o éxito con cancións como *Matriarcas* ou *Chea de vida*.



GALIZA

A NOSA FOULA

Uxía Senlle

(Mos, 19 de novembro de 1962) Cantante

Discografía:

- *Baladas da Galiza imaxinaria* (2015)
- *Rosalía Pequeniña* (2013)
- *Meu Canto* (2011)
- *Danzas das Areas* (2000)

Estivo nun grupo de folk galego chamado Na Lúa, con eles gravou dous discos. Catro anos despois deixou o grupo e comezou a súa carreira en solitario.

Se quixeres saber máis:

www.uxia.net



GALIZA

A NOSA FOULA


Vudú

Vudú está formado por dúas mulleres chamadas Belém Tajés (voz, teclado) e Maritxinha (baixo, loops) e o grupo naceu na Coruña no 2016.

Como din elas 'Vudú' son letras chegadas da música tradicional galega con harmonías fundamentalmente Soul e R&B. Vudú é unha música íntima, elegante para grandes e pequenos momentos.

A banda faise cun premio a 'Mellor canción en galego' pola canción titulada *Eu son VooDoo* no certame Música Xove, e ao ano seguinte conseguen o premio 'Matín Códax' na categoría Blues/Funk/Soul.

<http://www.galiciantunes.com/bandsandartists/1009>



GALIZA

A NOSA FOULA

Ataque Escampe

Ataque Escampe é un grupo de pop galego formado en 2001 en Santiago de Compostela. Desde 2006 manteñen unha actividade regular en estudio e en directo. A partir de 2012 editan todos os seus traballos no selo cooperativo Discos da Máquina. Durante todo este tempo lanzaron as seguintes discografías: *Ed Wood e a invasión dos paraugas asasinados* 2007, *Galicia es una mierda* 2008, *Galicia es una fiesta*, 2009, *A grande evasión* 2009, *Violentos anos dez* 2011, *Noites de agosto con Ataque Escampe* 2012, *O disco vermello* 2014, *Primeiros bicos* 2017, *Ídolos adolescentes* (2007-2011) e *A vida dos animais* (2012-2018) (disco duplo, 2018), *A alma* (2019). Os compoñentes do grupo son: Miguel Mosqueira: guitarras, voz e coros. Samuel Solleiro: guitarras e coros. Xoán Lois García Carlín: baixo e teclados. Álex Charlón: voz. Cibrán Tenreiro: batería, percusión e coros. Julio Vilariño: sintetizadores e coros.

Pódese encontrar mais información na Galipedia:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Ataque_Escampe



GALIZA

A NOSA FOULA

Nao

NAO foi un grupo de rock galego da Estrada, Pontevedra.

Estivo activo dende 2005 ata 2019, tempo durante o cal publicou catro álbums: *As palabras espidas* (2007), *Coas túas mans* (2009), *Cancións de amor e liberdade* (2013) e *Apocalipse NAO* (2016- 2018).

A letra das súas cancións caracterízase polo compromiso político e a crítica social.

Os seus membros eran: Pablo Carracedo "Jasper": "Guitarra e voz", Gustavo Brea "Gus": "Guitarra", Antón Fernández "Torróncho": "Baixo", Amós Varela: "Batería".



GALIZA

A NOSA FOULA

Dakidarría

Dakidarría é unha banda galega, fundada en 2003, de ska punk e reggae procedente de Valmiñor (Galicia).

As súas letras en galego, alén de usar até 12 linguas ao longo da súa discografía, facer numerosas críticas políticas e sociais en contra do capitalismo, no consumismo e na alienación. A pesar diso, a súa música é descrita como alegre e divertida tratando de transmitir a máxima zapatista. Defenden o internacionalismo, a liberdade a segregación dos pobos e a diversidade cultural. Numerosos colectivos sociais galegos utilizan a súa música para diversos proxectos.

O grupo está formado por oito músicos:

Gabri (guitarra e voz principal), Simón (guitarra e voces), Alejandro Belerdas "Beler" (trombón), Xavi (baixo e voces), Juaki (trompeta e voces), Anxo (saxo barítono), Charli (teclado), Ximo Tomás Maki (batería).

fanmusicfest.com/content/dakidarría



GALIZA



A NOSA FOULA

Tanxugueiras

Tanxugueiras é un trío de pandeireiteiras galegas formado por Aida Tarrío e as irmás xemelgas Olaia e Sabela Maneiro.

Comezaron a traballar xuntas baixo o nome de Tanxugueiras no ano 2016. O grupo traballa co repertorio de música galega tradicional pero danlle unha sonoridade máis moderna.

Algúns dos seus recoñecementos son:

- Mellor álbum galego do 2018 – Premios MIN da Música Independente
 - Música tradicional e folk – Premios Martín Códax da Música
 - Melloras músicas de Galiza 2019 por *Que non mo neguen* – Certame aRi[t]mar Galiza e Portugal
 - Gañadoras do Premio MIN ao mellor disco en Galego por *Tanxugueiras* (2019)
- Discografía:
-  *Contrapunto* (2019, PlayPlan | Calaverita Records)
 -  *Tanxugueiras* (2018, Seispés Producións Creativas)

Máis información: www.tanxugueiras.com



GALIZA

A NOSA FOULA

Ezetaerre



Ezetaerre é un grupo coruñés.

O seu xénero musical é o hip-hop.

Fixeron a súa estrea na Universidade da Coruña no 2015.

O seu nome vén das iniciais El zulo rojo, nome que lle puxeron ao piso onde vivían.

Gañaron o III Premio Revenidas de Música Emerxente en maio do 2016.

O grupo está composto por Miguel García (Garchu), Juan Pirola (Pirola) e Pedro Iglesias (Petrowski).

Aínda que o grupo se formou na Coruña, Juan é de Ourense e Pedro do Porriño.

Pódese obter información sobre o grupo neste enlace https://www.dkluba.eus/index.php?option=com_content&view=article&id=18&lang=es&Itemid=2&ide=68547 ou na súa páxina web www.ezetaerre.com



De Vacas

De Vacas é un grupo musical galego que está formado por tres mulleres, Inés Salvado, Faia Díaz e Paula Romero e un home, Guillermo Fernández, o guitarrista.

A este grupo gústalle moito as autoras galegas como Rosalía de Castro ou Marta Sánchez.

As súas cancións tratan sobre a igualdade, o feminismo e o compromiso.

Os seus temas máis destacados son *Amodiño* ou o *Noite e Día*. Tamén tiveron moito éxito con *El anillo pá' cuando?* ou *Rexurdimente*.

De Vacas creou o himno do Festival de Cans e realizaron unha homenaxe a Emilia Pardo Bazán para a Real Academia Galega.

En youtube fixeron diversos videoclips, acadando miles de visualizacións.

As vacas actuaron por toda Galiza e da Península (Madrid, Valencia, Euskadi, Murcia, Andalucía, Asturias, Castela e León, Portugal...).

Gañaron o Premio Territorio Violeta na Feira de Teatro de Cidade Rodrigo, como recoñecemento polo traballo feminista en prol da igualdade de xénero no ano 2018.

Tamén gañaron outros premios como o Premio Martín Códax da Música. Alén disto, foron o espectáculo musical recomendado na Rede Española de Teatros e Auditorios no ano 2019.



GALIZA

A NOSA FOULA

Baiuca

FORCLORE GALEGO E ELECTRÓNICA

Baiuca é un proxecto do músico galego Alex Casanova, nado de Catoira en 1990, no que mestura a vanguarda coa tradición, é dicir, música electrónica coa tradicional galega.


Instrumentos coma cunchas, frautas, gaitas ou voces tradicionais asóciáanse con sintetizadores de ritmo e programacións.

A súa música ten influencias de Carlos Núñez, Mercedes Peón ou Milladoiro e tamén vangardistas coma Nicola Cruz.

Discografía: *Solpor* (2018) e *Misturas* (2019).

www.lafonoteca.net/grupos/baiuca

www.youtube.com/c/baiuca/featured



GALIZA

A NOSA FOULA

Boyanka Kostova

Boyanka Kostova é un dúo de Santiago de Compostela dende o 2016. Integrado por Cibrán García (Saibrán Yiyi) e Manuel González (Chicho). É un grupo de trap e reggaeton galego, tamén chamado trap do galego rural. Este dúo de músicos é considerado impulsor do twerking rural e un dos grupos que conseguiron que o trap entrase con forza no panorama da música galega. As súas cancións están cheas de retransca e unha grande esencia da música urbana. O primeiro álbum que eles publicaron foi o de *Maqueta* no ano 2016 e despois a canción *Vella canción galega* no 2018, que obtivo un premio.



GALIZA

A NOSA FOULA

Xabier Díaz e Adufeiras do Salitre

Xabier Díaz naceu na Coruña o 22 de agosto de 1969. No ano 2008 creou o seu grupo chamado Berrogüetto cunha gran traxectoria musical, onde canta acompañado dun grupo de mulleres, 12 cantaoras e percusionistas, un violinista e un acordeón diatónico, para revivir os temas do artista dun xeito único.

Levaron a súa música a México, Zimbabwe, Alemaña, Uruguai, Italia, Perú, Dinamarca, Francia, Suíza, Arxentina, Noruega, Bélxica, Cuba, Escocia, Irlanda, etc.



GALIZA

A NOSA FOULA

A banda da loba

A Banda da Loba é un grupo galego que se formou no 2016 en Santiago de Compostela, co folk galego coma xénero musical.

Estaba formado por tres mulleres; Xiana Lastra, Andrea Porto e Marcela Porto e, posteriormente, uníronse Inés Mirás e Estela Rodríguez.

O nome do grupo está inspirado en Pepa a Loba, unha famosa bandoleira do século XIX.

Bailando as rúas foi o seu primeiro traballo discográfico, e alén disto, foron gañadoras en marzo do 2018 do certame aRi[t]mar da música galega portuguesa grazas a esta canción, aínda que tamén foron finalistas nos Premios Opinión 2018 á mellor canción por *Bailando as rúas*, nos V Premios Martín Códax da Música 2018, na modalidade "música de autor" e no X Concurso Fran Pérez "Narf", da Deputación da Coruña 2018.

Nas súas cancións podemos escoitar interpretacións de poemas de Manuel María, Rosalía de Castro ou Celso Emilio Ferreiro, entre outros.

Andrea Porto encárgase de tocar a guitarra e o baixo, Estela Rodríguez o violín, Inés Mirás a guitarra e o teclado, Marcela Porto a batería e as percusións, e Xiana Lastra a voz.



GALIZA

A NOSA FOULA

Sabela Ramil

Sabela e una cantante galega.


É da Coruña, nada o 1 de outubro de 1993 (ten 27 anos).

É coñecida por entrar en Operación Triunfo 2018.

Ficou en 4ª posición e no concurso cantou cancións en galego como Benditas Feridas, Negro Caravel e Tris Tras.

Os seus álbums despois de saír de Operacion Triunfo son *Despedida* e *Sus Canciones*.

<https://g.co/kgs/eAmZGu>



GALIZA

A NOSA FOULA

Keltoi

Historia:

Keltoi! é unha banda viguesa asociada ao celtismo, que apareceu no ano 1995. En 1997 publicaron o seu primeiro disco e fixeron múltiples concertos e colaboracións.

Despois dun período de inactividade, no ano 2000 produciuse a volta da banda, que continuou até que se disolveron no ano 2005. Volveron en 2010, con outro disco. En 2012, cunha nova formación, tocaron no estadio de Balaídos.

Compoñentes:

-Manu (batería)
-Dani (baixo e coros) -David (guitarra e coros) -Sime (vocalista)

Discografía:

-*Casco Vello* (1998) -*A Nosa Cinza* (2010)

Máis información:

<https://www.wikiwand.com/gl/Keltoi!>

Riot Kids Skinzine: Entrevista a KELTOI! (aparecida en Riot Kids no 20 - Setembro 2010)

<http://riotkidszine.blogspot.com>



GALIZA

A NOSA FOULA

Rebeliom do inframundo

Rebeliom do Inframundo é un grupo rap en galego con orixe en Ponteareas e con sede en Vigo. Os seus membros son Nervo (MC), Malvares de Moscoso (MC), Frank (MC/Produtor), Movementss (Produtor) e Pol (DJ).

O grupo comezou a súa traxectoria no ano 2005 , o seu nome provén do lugar onde se xuntaban (Inframundo) en Ponteareas.

Segundo eles, a súa música nacía da raiba e a frustración.

O seu primeiro disco físico apareceu en 2012 titulado *A sorpresa*.

No ano 2016 despois de editar o seu disco *Lume e rebelión* participaron en varios festivais e salas, tocando en Portugal, Madrid e Euskadi.

Máis información en:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Rebeliom_do_Inframundo



GALIZA

A NOSA FOULA

Quico Cadaval

Biografía:

Quico Cadaval naceu en Ribeira en 1960. Traballa como actor, director e narrador oral. É coñecido polo seu labor coma contacontos e foi impulsor do teatro radiofónico galego dos noventa.

Nos anos 70 comezou a súa carreira como actor e nos 80 fundou a súa propia compañía de teatro: *O Moucho Cler*. Traballou en producións da TVG e participa no Encontro internacional de contadores de historias.

Traballos destacados:

Matías, xuíz de liña (1995), *Noite de Reis ou o que queirades (2008)*, *Shakespeare para ignorantes (2010)*, *A ópera dos tres reás (2011)*.

Premios:


- Premio da Cultura Galega en Artes Escénicas.
- Premio Max

Ligazóns

<https://www.cccb.org/es/participantes/ficha/quico-cadaval/23253>

https://es.wikipedia.org/wiki/Quico_Cadaval

<https://www.elmundo.es/elmundo/2010/12/20/galicia/1292873610.html>



GALIZA

A NOSA FOULA

Cándido Pazó

Cándido Pazó González naceu en Vigo en 1960 é autor, director de escena, narrador oral e actor.


Recibiu o premio ao mellor texto orixinal nos premios de teatro María Casares 2014.

Comenzou a súa actividade como actor en 1975 vinculándose ao nacente movemento teatral da súa cidade e de Galiza, sendo un dos “benxamíns” das xeracións xurdidas arredor dos primeiros encontros da histórica Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

Foi membro fundador da compañía viguesa *A Farándula*, traballando en tódos os seus espectáculos .

Podedes atopar máis información en : <http://galegos.galiciadigital.com/es/candido-pazo-gonzalez>

<https://esacademic.com/dic.nsf/eswiki/216110>



GALIZA

A NOSA FOULA

Carlos Blanco

É un actor de ampla traxectoria, autor e director teatral. Foi presentador da Radio Galega e traballou en multitude de programas e series de televisión para a TVG. Na TVG tamén exerceu como presentador en distintos espazos.

Foi finalista do Certame de Monólogos do Club da Comedia en 2003.

Actor comprometido, formou parte activamente da plataforma Nunca Máis, xurdida a raíz do desastre do Prestige no ano 2002.

No ano 2018 foille outorgado o Premio Rebulir da Cultura Galega na modalidade de Artes Escénicas.



GALIZA

A NOSA FOULA

Melania Cruz

Melania Cruz é unha actriz galega de teatro, cine e televisión. Naceu en Lugo o 25 de xullo de 1983 (ten 37 anos). Dende pequena gustaba do teatro, por iso comezou moi nova actuando no teatro amador na súa cidade e despois conseguiu o título da Escola Superior de Arte Dramática de Galiza.

Enlaces :

https://gl.wikipedia.org/wiki/Melania_Cruz
<https://www.melaniacruz.net/>

<https://moviefit.me/es/persons/163960melaniacruz#:~:text=En%202016%20gan%C3%B3%20el%20premio,%C3%B3pera%20prim%C3%B3a%20de%20Xacio%20Ba%C3%B1o.>



GALIZA

A NOSA FOULA

Luís Tosar

(Cospeito, Lugo, 13 de outubro de 1971)

Actor

- Alguns dos seus filmes:
- Celda 211. (Goya ao mellor actor protagonista)
- Adú.
- Los lunes al sol. (Goya ao mellor actor secundario)
- Mientras duermes.
- Te doy mis ojos. (Cuncha de prata ao mellor actor)
- Obras teatrais:
- *A ópera dos tres reás, Hamlet, El zoo de cristal, La cena de los idiotas.*
- Dobraxes:
- George Washington (Assassin's Creed III) - Lord Ghoul (Destiny 2)



GALIZA

A NOSA FOULA

Luís Zahera

Luis Zahera naceu o 23 de maio de 1966 en Santiago de Compostela. É un dos mellores actores do cine estatal e iso grazas ao seu esforzo. Todo comezou sendo un actor non moi coñecido no teatro e na televisión. O seu gran salto á fama foi na serie *Mareas Vivas*. Algúns dos filmes nos que participou son:

- *El reino*
- *Celda 211*
- *A praia dos afogados*
- *Alatriste*
- *El desconocido*

- Se queres saber máis sobre este gran actor entra en:
<https://www.guiadelocio.com/cine/personajes/luis-zahera>



GALIZA

A NOSA FOULA

Luís Iglesia

Naceu o 2 de febreiro de 1962 en Riotorto, na provincia de Lugo.

É actor de cine e teatro. Tamén é dobrador.

É bastante coñecido polo seu papel de Carmelo Matalobos na serie da TVG *Matalobos*.

Filmografía:

- *Contar* (curtametraxe) 1994
- *Xinetes na Tormenta* (curtametraxe) 1999
- *Autopsia* (filme para a televisión) 2002
- *Entre bateas* (filme para a televisión) como Xocas 2002
- *A teoría do espello* (curtametraxe) 2004
- *Cota vermella* (filme para a televisión) como Primeiro Oficial 2004
- *A promesa* como Doutor 2004
- *Heroína* como Juanjo 2005
- *Premio* como Profesor 2006
- *Palíndromo* como Profesor 2008
- *Secuestrados* 2010
- *Vilamor* como Breixo de adulto 2012
- *Mr. Smith & Mrs. Wesson* (curtametraxe) como E. Kalashnikov 2012
- *Flores para Amalia* (curtametraxe) 2013
- *Somos xente honrada* 2013
- *A praia dos afogados* como Guzmán Barrio 2015

- https://es.wikipedia.org/wiki/Luis_Iglesia

- <http://www.sensacine.com/actores/actor-451111/>



GALIZA

A NOSA FOULA

María Mera

María Mera é unha actriz e presentadora galega. Naceu o 10 de agosto de 1986 en Boqueixón (A Coruña).

É graduada en xornalismo e ten diferentes estudos artísticos como arte dramática, canto, danza...

Comezou na televisión con 16 anos, e con 21 anos acadou o recoñecemento polo seu papel na serie galega *Matalobos*.

Sabe falar galego, castelán, inglés, francés e portugués. Sabe tocar a pandeireta e a guitarra facer moitos deportes como kick boxing, natación, puenting, equitación, esgrima, etc.

Máis información en: aaag.gal



GALIZA

A NOSA FOULA

Luma Gómez

Actriz cunha longa e prolífica carreira profesional.

Traballou en diversas compañías teatrais, así como en múltiples montaxes do Centro Dramático Galego en papeis protagonistas. Fixo importantes papeis cinematográficos con produtoras do Estado e de Galiza.

É actriz habitual en programas e series da TVG

Comezou a súa actividade teatral en 1969, sendo cofundadora das compañías teatrais: TEATRO ZOO de Madrid (1970 a 1977), TEATRO ANDRÓMENA de Santiago de Compostela (1979), TEATRO DO ESTARIBEL, COOPERATIVA TEATRAL GALEGA (1980-1981) e TEATRO DO NOROESTE (1987).

Foi membro dos grupos de teatro amateur: TEATRO-ESTUDO de Ferrol (1969) e TALIA de Ferrol (1970), e do grupo profesional A PICOTA de Madrid (1977).



Cris Iglesias


Cristina Rodríguez Iglesias, nada na Coruña o 27 de xaneiro de 1993, é unha actriz, bailarina e percusionista galega.

Titulada Superior en Arte Dramática, Interpretación Textual na ESAD de Galiza (2015).

Realizou diferentes cursos e actividades de formación en danza e interpretación.

- III Premio no cuarto concurso musical Caixanova como integrante do grupo ATTACCA. (2008)
- II Premio no quinto concurso musical Caixanova, como integrante do grupo de percusión Perkusix. (2009)
- I premio Xuventude Crea (Galiza), no de teatro xestual Vincent. (2014)
- Mellor actriz protagonista por 16 de Decembro. ALCINE (2019)

<https://crisiglesias.com>



GALIZA

A NOSA FOULA

Santi Prego

(Vigo, 15 de xaneiro de 1962)

Actor. Foi fundador da compañía teatral Ollomol Tranvía e é profesor na Escola Superior de Arte Dramática da Galiza.

Filmes:

Os xirasois cegos (2008), *O club da calceta* (2009), *A esmorga* (2014), *Mentres dure a guerra* (2019)

Se quixeres saber máis:

https://es.wikipedia.org/wiki/Santi_Prego



GALIZA

A NOSA FOULA

Víctor Mosqueira

Naceu en Corme (A Coruña) en 1962. É actor de teatro, cine e TV. Cursou estudos na Scuola Internazionale Dell'Attore Cómico, dirixida por Antonio Fava (Reggio Emilia, Italia) en 1989. Tamén estudou na Bond's School of Clown baixo dirección de Eric de Bond, en Ibiza.

No audiovisual está especialmente ligado ás teleseries e comedias (sitcoms) da TVG, así como ao mundo das curtametraxes galegas. Ten traballado para Antena 3, Tele 5 e TV3. Especialista en Commedia dell'Arte, entra en contacto coas artes escénicas a finais dos 70, aínda que é en 1991 cando comeza a súa carreira ininterrompida no teatro.

Ten traballado en publicidade e como guionista cómico, Tamén é actor de dobraxe desde 1982. Conforma con Evaristo Calvo o dúo cómico Mofa e Befá.

Premios e recoñecementos: Premio AGAPI '96 ao "Mellor Actor", ex aequo para Luna e o tándem "Mofa e Befá" (Víctor Mosqueira e Evaristo Calvo) por *A gran liquidación*.



GALIZA

A NOSA FOULA

Óliver Laxe

Naceu 11 de abril de 1982 en París, fillo da emigración.

Director e guionista de cine

Filmografía :

Todos vós sodes capitáns (2010, Premio Fipresci Cannes).

Mimosas (2016).

O que arde (2019, Premio do Xurado Cannes).



GALIZA

A NOSA FOULA

Andrés Goteira


É enxeñeiro técnico, montador, formador educativo e director de cine galego. Naceu en 1983 en Meira. O seu filme máis coñecido é *Dhogs* que tivo moi boa acollida cando saíu en 2017. Tamén tivo logros persoais como 13 Premios Mestre Mateo ou premios como mellor guionista.

Estas son algunhas das páxinas web onde podes ampliar a información sobre Andrés Goteira:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Andr%C3%A9s_Goteira

<http://andresgoteira.com/>

<https://youtu.be/2vtvAQjt6HU> .



GALIZA

A NOSA FOULA

Esther Carrodeguas

María Esther Fernández Carrodeguas, nada en Rianxo en 1979, é unha dramaturga, escritora, actriz e directora teatral galega.

Licenciada en Xornalismo e Técnica Superior en Imaxe. Formouse en interpretación en Espazo Aberto, na Escola Internacional da Comicidade e estudou Dramaturxia na Escola Superior de Arte Dramática de Galiza. Membro da compañía ButacaZero xunto a Xavier Castiñeira, dirixe o Grupo de Teatro Airiños desde 2010.

2015: X Premio Abrente de Textos Teatrais da MIT de Ribadavia pola obra *Voaxa e Carmín*.

https://web.archive.org/web/20180504091854/http://www.dramaturga.org/?page_id=867



GALIZA

A NOSA FOULA

Evaristo Calvo

- É un actor de cine e teatro e director galego nado na Coruña.
- Empezou nos 70 a súa carreira interpretativa.
- Nos finais dos 80 participa en numerosos proxectos tanto series coma filmes.
- Forma parte do dúo cómico “Mofa e Befá”- Gañou o premio AGAPI con *Mofa e Befá a Gran liquidación*.
- Fixo varias curtametraxes mudas e en branco e negro.
- Interpretou un dos personaxes da serie *Fariña*.
- Se quixerdes saber máis deixo aquí varias páxinas web:

https://www.lahiguera.net/cinemanía/actores/evaristo_calvo/biografía.php

http://culturagalega.gal/avg/persoas_detalle.php?Cod_prsa=416&busca=evaristo%20calvo



GALIZA

A NOSA FOULA

Ceso F. Sanmartín

Celso Fernández Sanmartín, coñecido como Celsiño, nado en Lalín o 8 de setembro de 1969, é un poeta e contacontos galego.

É Licenciado en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela.
Promotor de FoCuCu (Foro de Cultivos Culturais).

En 2019 foi nomeado Lalinense do ano .

<https://web.archive.org/web/20040302030832/http://centros.edu.xunta.es/iesmarcodocamballon/deptos/galeg2e.htm>



GALIZA

A NOSA FOULA

Paula Carballeira

Paula Carballeira (Fene, 1972) é licenciada en Filoloxía Hispánica. Dedícase profesionalmente ao teatro e á narración oral.

Participa en diversos programas da TVG e ten colaborado como locutora na Radio Galega.

Como autora de literatura infantil publicou as seguintes obras: *A percura* (1990); *Robín e a boa xente* (1995); *Troulas, andainas, solpores e unha farsa anónima* (1996); *Olo-iepu-iepu* (1999); *Mateo* (1999); *Un porco e unha vaca xa fan zoolóxico* (Xerais 1999); *Paco* (2001); *Correo urxente* (2001); *O ganso pardo* (2002), *A era de Lázaro* (2004), *Smara* (2006) e *Boas noites* (Xerais 2007), Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2007. Ten publicado, ademais, o poemario *Contatrás* (2006).

https://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=PauCarba1&alias=Paula+Carballeira



GALIZA

A NOSA FOULA

Yolanda Castaño

- Yolanda Castaño Pereira naceu no 1977 en Santiago de Compostela. En 1990 trasladouse a vivir á Coruña onde se licencia en Filoloxía Hispánica.
- Na adolescencia, empeza a ser coñecida a través dunha serie de premios de poesía menores, como o Antonio García Hermida de Villalba, Atlantida 93 e Manuel Masdías da Coruña ou o I Premio Francisco Fernández do Riego no II certame Xuventude 94, até que en 1994 obtén o III Premio Fermín Bouza Brey e publica o seu primeiro libro, *Elevar as pálpebras*, con 17 anos.
- En 1998 publica *Delicia e Vivimos no ciclo das Erofanías*, que obtivo o II Premio da Poesía Johán Carballeira en 1997, e en 1999 o Premio da Crítica 1998. Unha edición bilingüe desta obra está en preparación.
- É membro do equipo directivo da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e de Letras de Cal, unha nova editorial de poesía destinada a publicar os novos valores.
- Participou en varios volumes colectivos como *Daquelas que cantan, Rosalía na palabra de once poetas galegas* (1997), editada pola Fundación Rosalía de Castro que estaba acompañada dun CD. Alén de participar nos numerosos recitais, organizou, xunto con Emma Couceiro, dous Ciclos de Recitais Poéticos en Filoloxía, celebrados mes a mes entre 1996 y 1998.
- Dirixiu e presentou un programa cultural chamado *Mercuria* e colaborou no programa diario *Cifras e Letras* da TVG.




GALIZA

A NOSA FOULA

Pinto de Herbón

- O seu nome é Daniel Alexandre Vecino Martínez, pero todos o coñecen como Pinto de Herbón.
- É un músico rapeiro e regueifeiro de orixe galega.
- Naceu o 25 de outubro do ano 1969, en Herbón (Padrón).
- Fíxose famoso nun programa nomeado *Sitio Distinto*, cunha canción chamada *Nitramón, 15, 15, 15* que despois foi incluída ao disco *Unión Bravú*, no ano 1996.
- Desde 1997 case sempre está acompañado por Luís “O Caruncho”, un gaiteiro e regueifeiro.
- Para máis información:
https://gl.wikipedia.org/wiki/Pinto_d%27Herb%C3%B3n
https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/padron/2016/07/15/span-langglna-leira-e-onde-me-saen-os-temas-do-bravu-apano-pementos-componospanspan-langglpementeiro-regueifeiro-padronspanspan-langglprimeiro-tema-span-span-langglpoesia-rabuda-span/0003_201607S15C12993.htm



GALIZA

A NOSA FOULA

Luís “O Caruncho”

Luís Henrique Correa Piñeiro , nado en Vigo en 1971, alcumado O Caruncho, é un músico e regueifeiro galego.

Comezou a recibir clases de baile tradicional galego con 9 anos.

Descubriu a zanfona da man do grupo Múxicas na década de 1990, continuou a súa formación co instrumento e deseguido empezou a facer actuacións interpretando cantos de cego acompañado coa música da zanfona. Destaca tamén o seu interese pola recuperación e divulgación da regueifa e como gaiteiro, impartindo clases de música tradicional galega. Participa en diversos grupos musicais como Os Carunchos, Os Folieiros, Zurrumalla, o coro galego Cantares de Brión, o dúo de zanfona Sobre Rodas e os regueifeiros Trioliro.



GALIZA

A NOSA FOULA

Kiko Da Silva

Naceu en 1979 en Vigo.
É ilustrador de banda deseñada e director editorial. Publicou diversas revista de banda deseñada como *BD banda* e *Retranca*. Fundou en 2012 a primeira escola de banda deseñada profesional de Galiza chamada *O garaxe hermético*.

Algúns dos seus libros son:

- *O inferno do debuxante*
- *Fiz*
- *Que contan as ovellas para durmir*



Miguelanxo Prado

Miguelanxo Prado Plana

(A Coruña, 16 de xullo de 1958) Autor de banda deseñada e ilustrador

Publicacións destacadas:

- *Trazos de xiz* (1993)
- *Quotidianía delirante. Obra completa* (2003)
- *A mansión dos Pampín* (2004)
- *Ardalén* (2013)
- *O pacto do letargo: o tríscele roubado* (2020)
- *De profundis* (2006). Longametraxe de animación.

Autor de gran prestixio, premiado e respectado internacionalmente. Desde 1998 é director do salón de banda deseñada *Viñetas desde o Atlántico* que se celebra cada verán na Coruña. O 28 de novembro de 2009 ingresou na Real Academia Galega de Belas Artes.

Para máis información:

www.miguelanxoprado.com/gl/



GALIZA

A NOSA FOULA

Luís Davila

(Pontevedra, 1972) (49 anos)

Luís Davila é un deseñador gráfico, ilustrador e viñetista galego.

É coñecido pola publicación de viñetas cómicas no *Faro de Vigo* tituladas xenericamente *O Bichero*.

Ten unha recompilación de viñetas cómicas en 8 volumes, alén dun libro que recolle os 20 anos de traballo neste xornal.

Se queres encontrar máis información:

<https://twitter.com/OBichero> <https://www.instagram.com/ldavila/>

<https://es-es.facebook.com/pages/category/Artist/Luis-Davila-O-Bichero-/>



GALIZA

A NOSA FOULA

Ana Peleteiro

Ribeira 2 de decembro de 1995.

Atleta. Triple salto.

Galardóns :

- - Premio Nacional do Deporte (España), no ano 2012.
- - Premio Princesa de Asturias 2013.
- - Premio Deporte Galego á mellor deportista feminina de 2018.
- - Medalla Castelao, no ano 2020.
- Mellor atleta española en 2011, 2012 e 2013 pola Real Federación de Atletismo.
- Gañadora da medalla de ouro en 15 competicións. E ela mesma di que de pequena xa soñaba con ser campioa do mundo.
-

Se quixeres saber máis :

[Ana Peleteiro - Wikipedia, a enciclopedia libre](#)




GALIZA

A NOSA FOULA

Sergio Álvarez

- Catoira 3 de agosto de 1986.
- Futbolista. Porteiro
- Traxectoria:
Celta de Vigo B: 2004 - 2011; Racing de Ferrol: 2008 - 2009; Celta de Vigo: 2010 - actualidade.
- Alcume: O gato de Catoira.
- Debut oficial no Celta: Celta – F.C. Cartaxena (4/xuño/2011)
- Valor de mercado actual: 700.000 euros.
- Contrato ata xuño de 2021.



GALIZA

A NOSA FOULA

Yoel Rodríguez

Yoel Rodríguez Oterino (Vigo 28 de agosto de 1988), é un futbolista que xoga como porteiro no S.D. Eibar.

Comezou nas categorías inferiores do Colexio Fogar San Roque.

Tras pasar 3 anos na canteira do Celta de Vigo, e após as súas boas actuacións no filial celeste a campaña anterior, o club decide contar con el como membro do primeiro equipo para a tempada 2009/2010.



GALIZA

A NOSA FOULA

Fernando Vázquez

Fernando Vázquez Pena (Castrofeito 24 de outubro de 1954)

É un adestrador de fútbol.

Foi profesor de inglés en Noia e Arzúa.

Como adestrador profesional, ascendeu co club CD Lalín desde rexional até Segunda B.

Destacan, como maiores logros, o ascenso co Celta de Vigo na tempada 2004-05 e conseguir clasificalo para a Copa da UEFA na seguinte campaña (2005-06).

É un dos adestradores da Selección de fútbol de Galiza.



GALIZA

A NOSA FOULA

Javier Gómez Noya

Basilea , Suíza, 25 marzo de 1983.

Fillo de emigrantes galegos

Triatleta profesional.


Cinco veces campión mundial.

Medalla de prata nos Xogos Olímpicos de Londres 2012

Catro veces campión de Europa

Se quixeres saber máis, mira a seguinte ligazón :

https://www.javiergomeznoya.com/historia_esp.html




GALIZA

A NOSA FOULA

Aldaolado

- É un dúo poético-musical con humor, coa intención de participar nun proxecto chamado Translítera.
- Está formado por:
Lucía Aldao (A Coruña, 20 de febreiro de 1982) e María Lado (Cee, 14 de abril de 1979).
- O dúo formouse en 2005.
- Recitan en galego.
- Os textos son normalmente propios.



GALIZA

A NOSA FOULA

Antonio Segundo Durán Moreiras 'Morris'

Vigo, 1959

Actor

- Obras máis relevantes:

- Cine:

ONS, dirixida por Alfonso Zarauza

CELDA 211, dirixida por Daniel Monzón.

LOS LUNES AL SOL, dirixida por Fernando León de Aranoa

- Televisión:

NÉBOA, TVE

FARIÑA, Antena 3

PADRE CASARES, TVG


PRATOS COMBINADOS, TVG

- Teatro:

- O CRÉDITO, Dirección Fernando Bernués.

- CALÍGULA de Albert Camus. Dirección: Manuel Guede.

Recibiu varios premios como o Mestre Mateo, premio Feroz, Premio Unión de Actores, etc.



GALIZA

A NOSA FOULA

Miguel de Lira

Lira 1964.

Actor.

Foi un dos fundadores do grupo galego de teatro Chévere, no que traballou activamente como actor, director e produtor desde 1986.

A súa popularidade vén dada sobre todo polo seu papel de Evaristo Currás, un personaxe secundario de *Mareas vivas*.

Protagonizou a serie de TVG, *Pepe o Inglés*, estreada en 2006.

Tamén participou en múltiples proxectos de cinema e teatro.

Nos premios Mestre Mateo 2010 recibiu o premio ao mellor actor protagonista polo seu papel en *Crebinsky*.

No Festival de Cans de 2017, outogáronlle o Premio de Honra *Pedigree* á súa traxectoria.

